

3.2. Recursos humanos

Resolución do letrado oficial maior, do 20 de febreiro de 2024, para a cobertura en comisión de servizos dun posto de administrativo/a (AP64) do Servizo de Persoal e Réxime Interior

Vista a proposta do xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior para a cobertura en comisión de servizos dun posto de administrativo/a (AP64) do Servizo de Persoal e Réxime Interior, polo período dun ano, en virtude das competencias que me atribúe o artigo 8 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Iniciar o expediente para a adscrición, mediante comisión de servizos, por motivos de urxente e inaprazable necesidade e polo prazo dun ano, sen prexuízo da súa cobertura ordinaria con anterioridade, ou da súa prórroga no caso de resultar preciso, do posto AP64 da relación de postos de traballo, no Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Segundo. Publicar na páxina web do Parlamento de Galicia, outorgando un prazo de sete (7) días hábiles, a oferta para a adscrición en comisión de servizos do posto de traballo cuxas características se relacionan a continuación:

- Posto número: AP64
- Denominación : administrativo/a do Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- Requisitos: funcionario/a de carreira do grupo C da Administración do Parlamento de Galicia
- Nivel: 20
- Complemento específico: 17.920,98 €
- Méritos que se valorarán polos servizos prestados en postos do grupo C:
 - Formación e experiencia na tramitación de expedientes administrativos.
 - Formación e experiencia na tramitación de procedementos de contratación.
 - Formación e experiencia no mantemento de bases de datos, webs institucionais, transparencia e sede electrónicas de administracións públicas.
 - Formación e experiencia no uso de aplicacións informáticas de contratación: SILEX e a Plataforma de Contratos de Galicia.
 - Formación e experiencia no uso de aplicacións informáticas en materia tributaria: XEITO, AEAT, SS ou similares.
 - Formación e experiencia no uso de aplicacións informáticas en materia de persoal: CEPAL ou similares.

O requisito de funcionario/a de carreira do grupo C do Parlamento de Galicia deberá posuírse no día da finalización do prazo para a presentación de solicitudes, que se indicarán na publicación do anuncio sede electrónica da institución e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para coñecemento xeral de todas as persoas interesadas.

As persoas interesadas deberán remitir o seu currículo, no que debe figurar necesariamente un teléfono ou correo electrónico. Non se presentará a documentación xustificativa dos méritos alegados, que, de ser o caso, será solicitada pola institución.



Todas as comunicacións referidas a este procedemento realizaranse exclusivamente a través do correo electrónico indicado pola persoa solicitante.

Terceiro. Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión, o Servizo de Persoal e Réxime Interior, que será o encargado da tramitación do expediente, unha vez examinadas as solicitudes presentadas, emitirá un informe de valoración dos méritos das persoas candidatas, que se remitirá á Oficialía Maior para, se procede, ditar unha resolución para a cobertura do posto de referencia en comisión de servizos, que se publicará na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2024

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

